

# O FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO: ALGÚNS PRINCIPIOS PARA UNHA REFORMA

---

*Santiago Lago Peñas\**  
*Alberto Vaquero García\*\**  
 Universidade de Vigo

## I. INTRODUCCIÓN

---

A descentralización das competencias educativas en España provocou que tres niveis de goberno —estatal, autonómico e universidade— exerzan competencias compartidas e manteñan unha estreita relación financeira derivada do carácter de ben preferente que lle outorga a Constitución Española á Ensinanza Universitaria.

A forma en que se establecen estas relacións financeiras presenta analoxías coas que se producían entre as Comunidades Autónomas (CC AA) de réxime común e o Estado ata a última reforma do seu sistema de financiamento; a saber, elevada autonomía do gasto e forte dependencia das transferencias do nivel superior. É por isto polo que pode resultar de interese a análise do financiamento universitario desde a perspectiva do federalismo fiscal e á luz das ensinanzas que nos proporcionou a dinámica dos aspectos financeiros do Estado das Autonomías desde a súa creación.

Non obstante, na medida en que o pa-

ralelismo non é perfecto, as consideracións que se derivan da literatura sobre economía da educación deben ser tamén tidas moi en conta á hora de avaliar o sistema vixente e deseñar unha alternativa adaptada ás necesidades das universidades galegas.

O traballo que se presenta divídese en seis apartados. Tras a introdución, no segundo analízase o sistema de financiamento das universidades desde a perspectiva do federalismo fiscal. No terceiro, sinálanse os principios xerais e obxectivos básicos do sistema de financiamento universitario en España. No cuarto epígrafe afóndase no Sistema Universitario Galego (SUG). No quinto suxírense unha serie de principios rectores para un novo modelo de financiamento. No último apartado inclúense as conclusións do traballo.

## II. O SISTEMA DE FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES

---

O actual sistema de financiamento universitario (cadro 1) gravita sobre tres

\* Profesor Titular de Economía Aplicada.

\*\* Profesor Titular de Economía Aplicada.

**Cadro 1. Composición do sistema de financiamento universitario en España**

<b>Recursos propios</b>	Ingresos ordinarios	- Tasas, prezos públicos e outros ingresos
	Ingresos extraordinarios	- Ingresos patrimoniais - Operacións de crédito - Ingresos por venda de servizos - Doazóns
<b>Recursos procedentes doutros entes públicos</b>	Transferencias correntes	- Administración do Estado e OO. AA. - Comunidades Autónomas - Corporacións Locais - Empresas privadas
	Transferencias de capital	- Administración do Estado e OO. AA. - Comunidades Autónomas - Corporacións Locais - Empresas privadas

Fonte: Elaboración propia

fontes de básicas de financiamento: (a) taxas e prezos públicos; (b) ingresos patrimoniais; (c) transferencias correntes<sup>1</sup>, fundamentalmente das CC AA, da Administración Xeral do Estado (AXE) e das Corporacións Locais (CC LL) e (d) Transferencias de capital<sup>2</sup>, tamén procedentes dos organismos anteriores (Pérez e Utrilla, 1998).

Aínda que nos últimos anos se tendeu a garantir unha maior presenza das fontes de financiamento privadas, as subvencións públicas seguen mantendo unha presenza maioritaria. Porén, introducíronse algunhas melloras ó pasar dun sistema incrementalista, no que a subvención pública se calculaba en función do orzamento do ano anterior (cun incremento pola inflación), a unha situación na que a dotación se calcula normativamente e de forma automática a través dun conxunto de *inputs* e *outputs* que, despois, cada universidade distribúe

discrecionalmente por capítulos.

Xunto co anterior, hai unha tendencia crecente ó uso do contrato-programa. Este instrumento financeiro compromete a subvención pública que recibe a Universidade coa consecución de determinados obxectivos, por exemplo, a adaptación da oferta de ensinanzas á demanda social, o desenvolvemento dos estudos de terceiro ciclo e melloras na calidade da docencia (Martín, 2001). Resulta preciso recordar que a utilización deste instrumento está presente tamén no sistema de financiamento das CC AA de réxime común.

Como se sinalou na introdución, unha vez finalizado o proceso de transferencia de competencias, tres instancias da Administración pública teñen influencia directa no sistema de financiamento universitario (Villarreal, 1996):

1 As transferencias correntes compóñense das subvencións nominativas, as transferencias para a compensación de exencións e subvencións xenéricas para o funcionamento da Universidade.

2 As transferencias de capital están formadas por fondos para a investigación e investimentos. Os primeiros proceden do Ministerio de Educación e Cultura e destínanse a subvencionar proxectos de investigación ou formación bruta de capital fixo; os segundos proceden do FEDER.

a) A Administración central, que mantén a capacidade normativa e de decisión en determinados aspectos de aplicación xeral relacionados cos recursos das universidades e a política de bolsas e axudas ó estudo de natureza estatal.

b) A Administración autonómica, con responsabilidade directa sobre as universidades, competencias en materia de subvencións e axudas ó estudo propias de cada universidade.

c) A Universidade como institución autónoma, con capacidade sobre o destino dos recursos e a posibilidade de obter ingresos adicionais en función do seu comportamento.

Estes tres niveis de goberno han de garantir unha serie de principios (cadro 2).

A estrutura do financiamento universitario apunta ó mesmo tipo de problemas cós referidos á cobertura financeira do gasto autonómico. En particular: (a) insuficiencia financeira; (b) máxima relevancia dos criterios de reparto das subvencións — pola súa contía— e frecuente disensión sobre as regras de distribución e (c) limitada autonomía das universidades para a determinación do nivel e composición dos seus ingresos. A cuestión complicase unha

vez que se considera que tamén o goberno central ten influencia directa e indirecta sobre o financiamento universitario. As súas transferencias a cada CC AA determinan a suficiencia relativa de cada unha delas e as posibles fórmulas de financiamento en cada CC AA dependen dos criterios xerais establecidos polo Estado.

Non obstante, as diverxencias entre o financiamento universitario e autonómico tamén son relevantes. A máis importante é que, pola súa definición de ben de mérito, o financiamento da Universidade debe descansar necesariamente en impostos que posteriormente se converten en transferencias ás universidades e, en moita menor medida, sobre prezos públicos e taxas. Como veremos máis adiante, os camiños que hai transitar para reducir a dependencia financeira das CC AA e incrementar os niveis de autonomía non poden, polo tanto, ser exactamente os mesmos.

### III. O FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO

A Lei Orgánica de Universidades (LOU) establece que, para a obtención de títulos de carácter oficial, os prezos ofi-

**Cadro 2. Principios xerais e obxectivos do sistema de financiamento universitario desde a perspectiva do federalismo fiscal**

Principios	Obxectivos
- Suficiencia	- Capacidade presupostaria
- Autonomía	- Liberdade para xestionar os ingresos e os gastos
- Corresponsabilidade e promoción de comportamentos eficientes	- Asignación dos recursos o máis eficiente posible
- Equidade	- Equilibrio económico
- Coordinación	- Interrelación entre as AA. PP. e a Universidade
- Transparencia	- Coñecemento das fontes de ingresos e gastos

Fonte: Elaboración propia

ciais fixaraos cada Comunidade Autónoma, dentro dos límites que estableza o Consello de Coordinación Universitaria. No ámbito estatal, os ingresos por prezos públicos supoñían, en 1998, 986,9 millóns de euros, tres veces máis ca en 1990. A pesar do forte incremento experimentado nos últimos anos, a porcentaxe respecto ó total de ingresos supoñía, por termo medio, tan só o 18,6 por 100.

O modelo de financiamento do SUG establece que a Administración ha de financiar un 75 por 100 dos ingresos, pero ó mesmo tempo permítelles ás universidades obter financiamento adicional baixo a modalidade do contrato-programa. Coa utilización deste instrumento perséguese incentivar as universidades para mellorar, entre outros elementos, a calidade da docencia, investigación, inserción laboral dos graduados... (EGEA, 2001)<sup>3</sup>.

Unha característica importante do modelo galego é a incorporación de variables obxectivas para determinar a subvención da Administración, garantindo, ó mesmo tempo, un sistema de mínimos por titulación. Elimínase, polo tanto, o proceso de negociación entre as universidades e a Administración para determinar a subvención anual, ó obterse de forma automática en función do custo por crédito e do número de alumnos<sup>4</sup>.

A contía da subvención que recibe a Universidade depende do custo asociado

do crédito. A metodoloxía consiste en estimar o valor do crédito impartido por titulación, que se converte en custo por crédito matriculado. Para estimar o custo de cada crédito impartido considérase o correspondente ó persoal docente e investigador (en función da dedicación e da súa categoría), o do persoal de administración e servizos (que dependerá do volume de profesores e investigadores e do grao de experimentalidade da titulación) e o custo en bens e servizos (que se vincula co número de créditos, de profesores e investigadores e cos alumnos).

O acordo de financiamento do SUG, aprobado o 27 de xaneiro de 2000 e que comprende o período 2000–2003 (ampliado ó 2004), fai soamente referencia á determinación das transferencias correntes, destinando ó capítulo de investimentos reais e transferencias de capital un total de 78,43 millóns de euros para repartir en catro anos (Castro e Fernández, 2002). Vexamos a continuación o detalle por capítulos de ingresos (cadros 3 e 4) nas tres universidades: A Coruña<sup>5</sup> (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVI).

O capítulo III (taxas, prezos e outros ingresos), depende tanto da fixación das taxas, como da autorización de novas titulacións e da evolución demográfica. Este último é, debido á caída da poboación universitaria, o máis sensible. Resulta rechamante a distribución por Univer-

3 O instrumento de contrato-programa non figura na anterior Lei de Reforma Universitaria, aínda que si que se incorpora na Ley Orgánica das Universidades. As primeiras experiencias na utilización deste instrumento déronse en Cataluña e Canarias.

4 Un estudo máis completo do actual sistema de financiamento do SUG é o de Castro e Fernández (2002).

5 Os orzamentos da Universidade da Coruña refírense ó ano 2000. A pesar dos intentos por conseguir unha información actualizada para o ano 2002, estes son os datos dispoñibles máis recentes.

**Cadro 3: Orzamento de ingresos das tres universidades galegas (2002)**

	UDC(1)	USC	UVI	Total SUG
Capítulo III: Taxas, prezos e outros ingresos	13.613.703	39.734.458	12.427.385	65.775.546
Capítulo IV: Transferencias correntes	49.191.634	106.237.365	62.340.037	217.769.036
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	562.164	654.977	1.116.074	2.333.215
<i>Ingresos por operacións correntes</i>	<i>63.367.500</i>	<i>146.626.800</i>	<i>75.880.496</i>	<i>285.874.796</i>
Capítulo VI: Alleamento de investimentos reais	–	–	–	0
Capítulo VII: Transferencias de capital	13.435.300	22.588.891	11.479.988	47.504.179
<i>Ingresos de operacións non financeiras</i>	<i>76.802.800</i>	<i>169.215.891</i>	<i>85.407.559</i>	<i>331.426.250</i>
Capítulo VIII: Activos financeiros	186.035	–	11.479.988	11.666.023
Capítulo IX: Pasivos financeiros	–	2.209.621	2.071.865	4.281.486
<i>Ingresos operacións financeiras</i>	<i>186.035</i>	<i>2.209.621</i>	<i>13.551.853</i>	<i>15.947.509</i>
<b>Total ingresos</b>	<b>76.988.834</b>	<b>171.425.312</b>	<b>98.959.412</b>	<b>347.373.558</b>

NOTAS: (1) Datos referidos ó ano 2000.

Fonte: Hernández Armenteros (2002).


**Cadro 4. Porcentaxes de financiamento do orzamento de ingresos das tres universidades galegas (2002)**

	UDC(1)	USC	UVI	Media SUG
Capítulo III: Taxas, prezos e outros ingresos	23,18	12,56	18,94	<b>100,0</b>
Capítulo IV: Transferencias correntes	61,97	63,00	62,69	<b>100,0</b>
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	0,38	1,13	0,67	<b>100,0</b>
<i>Ingresos por operacións correntes</i>	<i>85,53</i>	<i>76,68</i>	<i>82,30</i>	<i>100,0</i>
Capítulo VI: Alleamento de investimentos reais	–	–	–	–
Capítulo VII: Transferencias de capital	13,18	11,60	13,68	<b>100,0</b>
<i>Ingresos de operacións non financeiras</i>	<i>98,71</i>	<i>86,31</i>	<i>95,41</i>	<i>100,0</i>
Capítulo VIII: Activos financeiros	–	11,60	3,36	<b>100,0</b>
Capítulo IX: Pasivos financeiros	1,29	2,09	1,23	<b>100,0</b>
<i>Ingresos operacións financeiras</i>	<i>1,29</i>	<i>13,69</i>	<i>4,59</i>	<i>100,0</i>
<b>Total ingresos</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	<b>100,0</b>

NOTAS: (1) Datos referidos ó ano 2000.

Fonte: Elaboración propia a partir de Hernández Armenteros (2002).

sidades: supón un 23,2% para a UDC, 18,9% para a UVI e un 12,56 para a USC, respecto ó total dos recursos dispoñibles.



Debido á caída da poboación universitaria, os ingresos por taxas diminúen de maneira moi sensible

O programa de financiamento vixente garántelles ás universidades do SUG un volume de subvención incondicionada (capítulo IV) que nunca poderá ser inferior á cantidade que cada institución percibía en 1999, actualizada en función do IPC. A evolución nos últimos anos permite sinalar que resulta ineludible seguir mantendo un esforzo na busca de novas fontes de financiamento alternativas, ó supoñer a maior parte dos recursos (ó redor do 62% de media en todo o SUG). Por universidades, as diferenzas son mínimas.

6 O instrumento de contrato-programa non figura na anterior Lei de Reforma Universitaria, aínda que si que se incor<sup>1</sup> Coa creación o 2 de marzo de 2001 do *Consortio da Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia*, pola Xunta de Galicia e as tres universidades galegas, trátase de potenciar a construción e desenvolvemento dun conxunto de indicadores para medir a calidade dos servizos prestados.

O capítulo V (ingresos patrimoniais) non terá unha evolución moi distinta á actual e permite prever un mantemento da participación relativa deste capítulo, entre o 0,5–1% do total.

O capítulo VII (transferencias de capital), que comprende o gasto en execución, novas infraestruturas e reposición, fondos FEDER e outras transferencias de capital, tampouco experimentará significativas novidades e a súa contía oscilará entre as cifras actuais.

Finalmente, para as operacións financeiras compróbanse algunhas diferenzas entre universidades. A Universidade con maior peso nesta partida, sen dúbida polo excesivo endebedamento que está sufrindo, é a USC (13,69%), fronte ó 4,5% das UVI e o 1,3% da UDC.

#### IV. SUXESTIÓNS PARA UNHA REFORMA

Desde a perspectiva do federalismo fiscal, formulamos unha serie de principios que poderían orientar unha reforma financeira. En primeiro lugar, garantir a responsabilidade e eficiencia na xestión dun sistema no que a maior parte do financiamento debe adoptar a forma de transferencias esixe introducir incentivos positivos e negativos nas formulas de reparto. Dada unha masa global de recursos destinados a cubrir gastos correntes, os indicadores de calidade e cantidade das actividades de I+D<sup>6</sup> e o volume de estudantes deben ser variables clave no reparto.

Aquelas universidades e centros nos que se ofrezan mellores servizos, que atraian alumnos e proxectos de financiamento, deberían ter dereito a unha contía maior de subvención.

En canto á ponderación do número de alumnos segundo o custo por estudante, resulta necesario profundar nunha avaliación obxectiva dos custos. Os de persoal son, con diferenza, o capítulo máis importante e as diferenzas nas porcentaxes alumno-profesor son moi elevadas entre facultades e titulacións. ¿En que medida esta diverxencia reflicte necesidades obxectivas ou son resultado das preferencias sedimentadas ó longo da historia de cada universidade?

Probablemente haxa que revisar algúns tópicos que infravaloran significativamente o custo e importancia das clases prácticas en áreas como a xurídico-social en relación coas áreas de ciencias. A Universidade de Vigo é pioneira en establecer unha carga maior de créditos prácticos (en grupos reducidos de 50 alumnos) e de créditos de laboratorio con ordenador (en grupos reducidos de 25 alumnos). O maior número de grupos en titulacións que ata a data non tiñan a posibilidade de establecer grupos reducidos incrementou o custo do crédito impartido en titulacións da área xurídico-social, permitindo garantir unha maior dose de calidade na ensinanza.

Empregar como referencia o nivel de gasto por estudante observado nos distintos centros pode non ser o correcto, porque neles se reflicten non só as diferenzas obxectivas no custo da ensinanza, senón tamén distintas preferencias de polí-

ticas internas sobre os recursos destinados a cada área de coñecemento. E estes aspectos non poden traducirse en maiores transferencias automáticas por conta doutras universidades con orientacións curriculares distintas.

Por outro lado, a responsabilidade impulsada por unha competencia efectiva esixe facilitar a mobilidade dos estudantes incluso dentro de cada CC AA: é frecuente que a mesma titulación se imparta en varios campus. Ademais da política de bolsas estatal e autonómica, a potenciación da rede de residencias universitarias axudaría. Hoxe por hoxe, o criterio de custo pesa máis có de calidade á hora de escoller un centro de estudo. Elevar os prezos públicos ó tempo que se subvencionan os gastos de aloxamento e mantenza reduce a desigualdade entre os estudantes, motivada pola distancia dos campus respecto ós domicilios familiares, e facilita unha selección baseada en criterios de calidade do centro. Desta forma aumentará a autonomía financeira das universidades máis eficientes e o grao real de competencia. Isto non significaría deixarlle unha liberdade absoluta a cada universidade para que fixe a contía das taxas, polo que é preciso establecer un abano para todas as CC AA e as universidades, de forma que as taxas non deberían ser superiores nin inferiores a un determinado nivel.

Neste sentido, e sen menoscabo de que as propias universidades informen sobre os seus activos, é necesario difundir os resultados dos indicadores de calidade. De aí a importancia de mellorar na definición e cálculo destes. O proceso de autoavaliación emprendido en boa parte dos

centros e titulacións da Universidade galega é unha boa mostra da importancia de mellorar a calidade no seo do SUG. Quedaría, sen embargo, sen resolver o problema das universidades novas, que parten en peores condicións para competir con aquelas con máis tradición<sup>7</sup>. Se se opta por non establecer un mecanismo que pondere as actuais diferenzas atopámonos cun tratamento desigual. Unha alternativa sería establecer un fondo de compensación transitorio para atenuar deficiencias nos activos acumulables (desde fondos de bibliotecas ata dotación de residencias) como se fixo durante o proceso de transferencias de competencias do Estado ás CC AA.

En segundo lugar, para o investimento en mantemento debería dotarse unha partida adicional proporcional ó valor do stock de capital dispoñible. Para isto habería que contar con contabilidades patrimoniais fiables, situación difícil de aplicar nestes momentos. Unha alternativa é utilizar como variable proxy os criterios de reparto dos fondos destinados a gastos correntes.

En terceiro lugar, e polo que respecta ó investimento novo, na medida en que existe unha Axencia Central (Dirección Xeral de Universidades) que determina a creación das novas titulacións, deberían de ser discutidos de forma individualizada os investimentos correspondentes, contemplados e avaliados dentro do sistema. Os recursos deberían ser repartidos non

por universidades, senón polo interese e oportunidade dos proxectos para o SUG e non dotar unha subvención xenérica para o reparto entre as distintas universidades. Na actualidade a situación é ben distinta: a dotación establecida é de contía fixa e repártese entre as tres universidades de forma equitativa. Esta solución non contempla os problemas particulares de cada universidade.


En cuarto lugar, a autonomía debe buscarse mediante a combinación dunha incerteza limitada nas transferencias e a posibilidade de alterar na marxe os ingresos propios. As universidades poderían dispoñer de espazo para modificar os prezos públicos, garantindo certa correspondencia entre os prezos cobrados e o servizo ofrecido. Por outro lado, a evolución das transferencias debe reflectir de forma gradual os cambios nas variables antes indicadas, co fin de combinar eficiencia e autonomía. Ambos obxectivos tan só serán viables se o mecanismo de financiamento é automático e de carácter plurianual. Aínda que algo se conseguiu neste campo, o actual sistema de financiamento do SUG ten aínda importantes problemas que resolver.

En quinto lugar, o goberno autonómico debe incentivar a integración entre universidade e empresa en tres grandes áreas: formación continua, terceiro ciclo e Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+I). Porque son positivas para o desenvolvemento económico da Comu-

<sup>7</sup> Habería que considerar, entre outros elementos, o maior gasto en infraestruturas en que poden incurrir as universidades máis novas, os menores ingresos procedentes dos grupos de investigación, ó se tratar de grupos non consolidados, e da menor atracción do alumnado, o que repercute tamén nunha menor capacidade de ingreso.



nidade Autónoma e porque xeran recursos adicionais para as universidades. Se a caída do alumnado tradicional é xa constatable resulta preciso encontrar demandas alternativas. A potenciación da formación continua xunto co desenvolvemento dun terceiro ciclo orientado máis ó mercado (mestrados, cursos de especialización, programas de posgrao, etc.) é unha cuestión fundamental para o SUG que non admite máis demora (Vaquero, 2002).



A colaboración e integración entre empresa e universidade (I+D+I) xera recursos adicionais para as universidades

Finalmente, sinalaremos que os indicadores dispoñibles (Hernández Armenteros, 2002) mostran a necesidade de incrementar substancialmente os ingresos transferidos pola Administración autonómica ó SUG para poder converxer coa media española e a OCDE. A fenda existente na actualidade en termos de financiamento público por alumno recomenda que a Xunta de Galicia lle dedique unha maior porcentaxe do seu orzamento. Tomando como exemplo o caso de Cataluña, Madrid ou a Comunidade Valenciana, isto debería traducirse en crecementos das transferencias ó SUG a taxas significativamente por enriba do crecemento do PIB nominal de Galicia nos próximos anos.

## V. CONCLUSIÓNS

A primeira característica destacable é que o proceso de descentralización de competencias desde o Estado ás Comunidades Autónomas en materia de educación universitaria se produciu de forma rápida nos últimos anos, pero de forma asimétrica na vertente de gastos fronte ós ingresos.

Na actualidade as universidades carecen dun grao suficiente de autonomía, coresponsabilidade na obtención de ingresos e segue existindo unha forte dependencia financeira. Boa parte dos problemas formulados en materia financeira polas universidades son consecuencia de non alcanzar acordos cos diferentes niveis de goberno.

O sistema de financiamento ideal pasaría por unha maior autonomía financeira. Unha das solucións que hai que explorar sería permitir que as universidades cobren prezos diferentes en función do servizo que prestan, por exemplo, en función da calidade da ensinanza ofrecida. Este diferencial nas taxas, debería estar dentro duns límites para todas as CC AA e a Universidade.

A utilización do contrato-programa, instrumento financeiro cunha longa tradición no financiamento das CC AA, debe gañar peso no financiamento das universidades do SUG, especialmente se se fixan adecuadamente os obxectivos que se perseguen.

Os indicadores de calidade deben estar presentes no sistema de financiamento de forma que o esforzo por mellorar os servizos que ofrece a Universidade teña certo premio. Quedaría por establecer, non obstante, algún mecanismo que non

condene as universidades máis novas, ó competir en desvantaxe respecto ás de maior tradición. A creación dun fondo de compensación pode ser unha alternativa.

Ademais, hai que lograr alcanzar un maior grao de corresponsabilidade. Esta é unha materia pendente no SUG en particular e na Universidade española en xeral. Nun momento en que o descenso da matrícula universitaria é palpable, débense de buscar sistemas que permitan garantir unha correspondencia entre o servizo que se presta e o prezo cobrado. Logralo pasa por establecer, dentro duns límites, unha maior capacidade financeira das universidades.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Bricall, J. (2000): *Informe Universidad 2000*, Madrid, CRUE.
- Castro Cotón, M., e S. Fernández (2002): "El modelo de financiación del sistema universitario gallego a partir de 1996", en S. Lago e A. Vaquero (coords.), *O Sistema Universitario Galego: Balance e perspectivas*, Santiago de Compostela, IDEGA, (www.usc.es/idega).
- Egea Díaz, N. (2001): "La financiación de la Universidad Española: perspectiva de futuro", en *Actas del IX Encuentro de Economía Pública*, Universidade de Vigo.
- \_\_\_\_ (2000): *Información Académica, productiva y financiera de las Universidades Públicas de España. Año 1998*, Madrid, CRUE.
- Hernández Armenteros, J. (2002): *Información Académica, productiva y financiera de las Universidades Públicas de España. Año 2000*, Madrid, CRUE.
- Martín Rivero, R. (2001): "Nuevas tendencias de financiación de la educación superior: la figura del contrato-programa en Canarias", en *Actas de las X Jornadas de la Asociación de Economía de la Educación*, Universidad de Murcia.
- Pérez Esparrells, C., e A. Utrilla de la Hoz (1998): "Análisis de la financiación de las Universidades de la Comunidad de Madrid. Valoración y propuestas de reforma", *Documento de trabajo núm. 9812*, Universidad Complutense de Madrid.
- Salinas, J., C. Pérez e M. Rahona (2001): "La calidad de la enseñanza universitaria: Una clave para su financiación", en *Actas del IX Encuentro de Economía Pública*, Universidade de Vigo.
- Vaquero, A. (2002): "A Universidade de Vigo: Situación actual e perspectivas", en S. Lago e A. Vaquero (coords.), *O Sistema Universitario Galego: Balance e perspectivas*, Santiago de Compostela, IDEGA (www.usc.es/idega).
- Villarreal, E. (1996): "Eficacia del sistema universitario y mecanismos competitivos de financiación", en *Economía de la Educación. Temas de estudio e investigación*, colección "Estudios y Documentos", núm. 22, Gobierno Vasco.



Santiago LAGO PEÑAS e Alberto VAQUERO GARCÍA: "O financiamento do Sistema Universitario Galego: algúns principios para unha reforma", *Revista Galega do Ensino*, núm. 43, maio 2004, pp. 157-168.

*Resumo:* O sistema de financiamento da Universidade española e o da Comunidade Autónoma galega necesitan ser reformados. Precísanse novos instrumentos financeiros e a mellora dos actuais a prol de conseguir un maior grao de corresponsabilidade e autonomía financeira e, ó mesmo tempo, dotar o sistema dunha maior dose de equidade.

O traballo que se presenta divídese en seis apartados. Tras a introdución, no segundo analízase o sistema de financiamento das universidades desde a perspectiva do federalismo fiscal. No terceiro, sinálanse os principios xerais e obxectivos básicos do sistema de financiamento universitario en España. No cuarto, afóndase no financiamento do sistema universitario galego (SUG) a través da teoría do federalismo fiscal e a economía da educación. No quinto suxírense algúns principios ó actual modelo de financiamento. No último apartado apuntamos as principais conclusións.

*Palabras chave:* Financiamento. Universidade. Sistema Universitario Galego.

*Resumen:* El sistema de financiación de la Universidad española y el de la Comunidad Autónoma gallega necesitan ser reformados. Se precisan nuevos instrumentos financieros y la mejora de los actuales en aras de conseguir un mayor grado de corresponsabilidad y autonomía financiera y, al mismo tiempo, dotar al sistema de una mayor dosis de equidad.

El trabajo que se presenta se divide en seis apartados. Tras la introducción, en el segundo se analiza el sistema de financiación de las universidades desde la perspectiva del federalismo fiscal. En el tercero, se señala los principios generales y objetivos básicos del sistema de financiación universitario en España. En el cuarto, se profundiza en la financiación del sistema universitario gallego (SUG) a través de la teoría del federalismo fiscal y la economía de la educación. En el quinto se sugieren algunos principios al actual modelo de financiación. En el último apartado apuntamos las principales conclusiones.

*Palabras clave:* Financiación. Universidad. Sistema Universitario Gallego.

*Summary:* The financing system of the Spanish University and that of the Galician Autonomous Community need to be reformed. New financial instruments as well as the improvement of the current ones are required in order to get a larger degree of joint responsibility, financial autonomy and, at the same time, in order to provide the system with greater equity.

This essay is divided in six sections. The introduction is followed by an analysis of the financing system of universities from the perspective of taxing federalism. The third section is dedicated to the general principles and the basic objectives of the financing system of the University in Spain. In the fourth section, we go into the financing of the Galician University System (SUG) in some depth through the theory of taxing federalisms and the economy of education. In the fifth section, we suggest some principles for the current financing model. The last section is dedicated to the main conclusions

*Key-words:* Financing. University. Galician University System.

—Data de recepción da versión definitiva deste artigo: 4-02-2004.

